

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP. PLURILÍNGÜE ISIDORA RIESTRA

CURSO: 6º DE ED. INFANTIL

MATERIA: GLOBALIZADA

DATA: 8 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Introdución**
2. **Competencias básicas en 6º Ed. Infantil.**
3. **Contidos do currículo de Ed. Infantil, atendendo ás áreas e a súa correspondencia coas Competencias .**
4. **Avaliación e cualificación.**
5. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
6. **Información e publicidade.**

1.INTRODUCCIÓN

A etapa de Educación Infantil constitúe un tramo formativo que será referente esencial para o desenvolvemento dos nenos e nenas a nivel afectivo, social e intelectual. Nela se da un importante avance no control corporal, no dominio da linguaxe e na comunicación, así como na función de regulación e planificación da propia actividade.

Os nenos/as identificaranse progresivamente como persoas individuais, axustando de forma progresiva a imaxe de si mesmos, adquirindo progresivamente estratexias de convivencia e relación entre iguais e cos adultos, cada vez máis significativas e importantes.

Irán adquirindo os instrumentos necesarios para actuar no seu medio inmediato, descubriendo as características físicas e sociais do mesmo.

Por todo o antes mencionado, é preciso integrar os contidos das diferentes áreas ao redor de eixos globalizadores ou integrados tomando como referente o desenvolvemento das competencias básicas. Esta perspectiva integradora partirá dos diferentes proxectos que traballamos ao longo dos trimestres e non está prescrito métodos concretos. O medio de traballo que se impulsou por excelencia foi o **xogo, a observación, a exploración** e a **experimentación**, propiciando a **curiosidade** e o **interese** do alumnado e potenciando a súa **creatividade**.

Partimos do traballo por proxectos coordinados cos diferentes Equipos: Ciclo, Biblioteca, Extraescolares, Normalización lingüística, Unesco. Entre os proxectos traballados destacar:

O marmelo, achegámonos a descubrir a orixe deste produto partindo dun marmelo que temos no patio, rematando coa elaboración e degustación do mesmo.

A Semana polo Clima, proxecto proposto pola Unesco que nos leva a investigar os cambios que se están a dar no noso planeta e as causas e que culminaron con un acto global o 27 de setembro no que participou o concello.

Tradición mexicana de defuntos, este curso démoslle unha volta á celebración de Halloween-Samaín e viaxamos a través da película Coco a tradición mexicana: investigamos, traballamos conxuntamente transformando o cole, degustamos pratos típicos, e celebramos un acto conxunto de fin de proxecto no que non faltaron a música e outras actuacións.

Desplastifícame proxecto presentado pola Unesco e no que está implicada toda a comunidade educativa, e en especial o concello, baséase na redución do uso de plástico. Neste proxecto levamos traballando e afondando dende o curso anterior.

O nadal, proxecto centrado en analizar as diferentes tradicións destas datas, e escenificalas todo o cole o último día antes do nadal: cea, campanadas, sorteo de lotería, cotillón...

No segundo trimestre centrámonos na figura de Isabel Zendal como a enfermeira da Real Expedición da Vacina da Varíola, este proxecto tamén foi proposto desde Unesco, e afondamos na vida desta galega e na profesión de enfermeira, así como na importancia do coidado corporal, dos hábitos de hixiene e das vacinas na prevención e control de enfermidades. Contamos para a realización deste proxecto coa colaboración dunha nai que nos falou da súa profesión e de técnicas que empregar en caso de emerxencia. Como acto final celebramos un acto conxunto ao que estiveron invitados o alumnado do IES así como membros do concello.

Para o entroido centrámonos na cultura xaponesa e indagamos e afondamos na mesma antes de compartir a celebración co resto do cole.

A parte dos proxectos tivemos varios talleres:

Plástica

Cociña

Horta

Experimentos

Todos estes talleres estaban relacionados cos diferentes proxectos. Na horta recolleramos ao comezo de curso os produtos do verán e fixeramos cultivo estacional, enlazado coa tradicións das hortas familiares, refráns, calendario...

COMPETENCIAS BÁSICAS	2. OBXECTIVOS 6º NIVEL ATENDENDO AOS OBXECTIVOS XERAIS. 1ª Área
1. Comunicación Lingüística 2. Matemática	1. Achegar nas situacións comunicativas nas que participa a comunicación de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses e puntos de vista. (1, 5, 6, 7, 8) 2. Aplicar, na medida das súas posibilidades, estratexias de resolución pacífica de conflitos, escoitando aos demais, evitando problemas de convivencia.(1, 5, 7, 8) 3. Pór en práctica, cunha autonomía crecente, hábitos vinculados á alimentación, a hixiene, o vestido, a

3. Coñecemento e interacción co medio físico	actividade e o descanso.(5, 8, 7)
4. Tratamento da información e competencia dixital	4. Establecer relacións adecuadas entre as sensacións básicas que percibe e os órganos que ofrecen esa información. (1, 3, 7, 8) 5. Relacionarse cos demais, iniciándose na práctica de actitudes non discriminatorias, mostrando actitudes de respecto. (5, 1, 6, 7, 8) 6. Actuar con progresiva independencia en tarefas, xogos e interaccións da vida cotiá, orientándose tanto espacial como temporalmente neles. (2, 8, 7)
5. Social e cidadá	7. Coordinar habilidades psicomotoras cada vez máis precisas na manipulación de obxectos e na realización de trazos. (3, 4, 5, 8)
6. Cultural e artística	8. Determinar, a partir da discriminación das características máis significativas do propio corpo, as transformacións que se producen ao longo do tempo. (3, 5, 6, 7, 8)
7. Aprender a aprender	9. Describir, de xeito elemental, as calidades básicas de obxectos, instrumentos, aparatos, alimentos, apreciando a súa textura, cor, son, sabor. (3, 5, 6, 7, 8)
8. Autonomía e iniciativa persoal	10. Planificar progresivamente a propia conduta, anticipando algunhas das consecuencias da mesma.(3, 5, 7, 8) 11. Cooperar cos demais nos labores cotiáns, mostrando actitudes de respecto e colaboración na aula e nos espazos escolares. (1, 3, 5, 7, 8) 12. Expor preguntas adecuadas sobre as principais funcións e posibilidades do propio corpo. (7, 8)

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil

Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía

Contidos conceptuais

Procedementos

Bloque: O corpo e a propia imaxe

- ✓ Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.
- ✓ Identificación, manifestación, regulación e control das necesidades básicas do corpo.
- ✓ Adquisición de confianza nas capacidades propias.
- ✓ Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- ✓ Potenciación da construción do esquema corporal a partir das sensacións e das percepcións do propio corpo, en relación e interacción cos datos que a nena ou o neno recibe das outras persoas, do medio e dos obxectos. Vivencia do corpo como un todo para pasar progresivamente a sentir as partes que o integran.
- ✓ Recoñecemento das percepcións sensoriais propioceptivas -que proveñen dos propios músculos e articulacións- e as percepcións exteroceptivas- relacionadas cos campos visuais, auditivos, olfactivos, táctiles, gustativos...-
- ✓ Aceptación da propia imaxe corporal e gozo xogando co seu corpo, desenvolvendo accións e iniciativas individuais e grupais, empregando as posibilidades expresivas do propio corpo -a través de xestos, movementos, xogos, danzas...-
- ✓ Identificación, verbalización e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e das demais persoas.
- ✓ Recoñecemento dos sentidos como medio de expresión, percepción e comprensión do mundo que rodea, e como medio favorecedor do desenvolvemento cognitivo.
- ✓ Observación dos cambios físicos nas persoas ao longo do tempo. Identificación das diferentes etapas da vida valorándoas positivamente.
- ✓ Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características das demais persoas, evitando actitudes discriminatorias.
- ✓ Recoñecemento e vivencia das referencias espazo-temporais en relación co propio corpo, cos obxectos, co contorno e coas demais persoas.
- ✓ Desenvolvemento da identidade sexual e aceptación do corpo sexuado feminino e masculino. Mantemento dunha actitude crítica ante os estereotipos ofertados a través da publicidade e outros medios de comunicación social.

- O corpo humano:
 - Imaxe global e segmentaria. Segmentos e elementos (articulacións, ósos e órganos internos). Os sentidos, os seus órganos e as súas funcións. Referencias espaciais en relación ao propio corpo.
- Trazos físicos: fisionomía, estatura, cor de pelo e ollos.
- Posibilidades e limitacións
- Trazos diferenciais nas persoas en función da idade, do sexo e do grupo étnico.
- Necesidades básicas, sensacións, percepcións do propio corpo.
- Sentimentos e emocións propios e dos outros (alegría, tristeza, medo, amor, enfado, rabia).

- Control progresivo da marcha. **traballado**
- Orientación espazo-temporal. **Traballado**
- Observación das transformacións que se producen no propio corpo co paso do tempo. **Traballado.**
- Coordinación dos principais segmentos corporais e experimentación de diversos movementos. **Traballado**
- Exercitación de habilidades de coordinación óculo-manual na manipulación de obxectos e realización de trazos. **Traballado**
- Integración perceptiva das diversas sensacións. **Traballado**
- Comunicación das sensacións básicas que recibe do exterior e do propio corpo. **Taballado nos diferentes obradoiros de cociña, plástica e horta.**
- Establecemento de correspondencias entre as principais sensacións, os órganos sensoriais e as súas funcións básicas. **Traballado**
- Identificación dalgúns trazos comúns e diferenciais entre o seu corpo e o dos seus compañeiros. **Traballado**
- Discriminación das características e calidades máis significativas do seu propio corpo. **Traballado**
- Identificación das calidades básicas dos obxectos (texturas, cores, formas, sons, sabores) en obxectos, alimentos, instrumentos e aparatos. **Traballado**

		<ul style="list-style-type: none"> • Comunicación a través de diversas modalidades expresivas dos sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses. Traballado • Imitación de tarefas e roles relacionadas coa identidade de xénero. Traballado • Utilización das posibilidades do propio corpo na escenificación de sentimentos, emocións e estados de ánimo. Traballado • Satisfacción progresiva das principais necesidades físicas e corporais. Traballado
--	--	--

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil

<p>Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía Bloque: Xogo e movemento</p>	<p>Contidos conceptuais</p>	<p>Procedementos</p>
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Participación nos xogos e na actividade motriz, identificando as súas capacidades e confiando nas propias posibilidades de acción, amosando actitudes de iniciativa e constancia. ✓ Gozo co xogo como medio para coñecer a realidade, mantendo unha actitude de axuda e cooperación con iguais e con persoas adultas. Aceptación do xogo como medio de goce e de relación cos demais. ✓ Adaptación do ton e da postura ás características do obxecto, da outra persoa, da súa acción e da situación. ✓ Satisfacción polo crecente dominio persoal. ✓ Aceptación de compromisos, establecendo acordos en consideración á súa persoa, ás outras e ao seu medio, fortalecendo vínculos afectivos -amizade, cooperación, axuda, solidariedade...-. Comprensión, aceptación e valoración de regras para xogar. ✓ Potenciación do xogo como elemento común a todas as culturas, partindo do coñecemento e valoración dos xogos propios da comunidade e abríndose ao coñecemento e gozo dos das outras. ✓ Coordinación progresiva das súas habilidades psicomotrices finas e grosas. ✓ Adquisición dun maior dominio das súas capacidades corporais: desenvolvemento das habilidades motoras, do control de ton, do equilibrio e da respiración. ✓ Adquisición de nocións básicas de orientación e coordinación de movementos. ✓ Potenciación das súas capacidades motoras, de coordinación e de orientación no espazo. ✓ Exploración das posibilidades perceptivas, motrices e expresivas propias e das demais persoas, amosando iniciativa para aprender habilidades novas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Posibilidades motoras: <ul style="list-style-type: none"> - Posturas do corpo. Control corporal. Ton, equilibrio e respiración. Flexión e extensión das articulacións. Tensión e relaxación. Actividade, repouso. Desprazamentos: Formas de camiñar • Movementos e nocións básicas de orientación no espazo: <ul style="list-style-type: none"> - Dentro/fóra, arriba/abaixo, ao redor, a un lado / ao outro, no medio, diante de / detrás de; dereita, esquerda, dereita/esquerda. Espazos e itinerarios habituais. • Nocións básicas de orientación no tempo: Antes/despois, rápido/lento, amodo/rápido. • Referentes temporais: <ul style="list-style-type: none"> - Mañá/tarde/noite; onte/hoxe; días da semana, estacións. - Tempos de: comer, xogar, descansar, ir ao cole, estar coa familia. • Precaucións en xogos e desprazamentos. • Xogos: <ul style="list-style-type: none"> - Individuais e grupais- Simbólico e dramático. Con obxectos e xoguetes. Xogos deportivos. Normas que rexen os xogos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Exercitación de movementos axustados ás esixencias da situación (espazos, tempos e normas) e aos movementos doutros. Traballado • Precisión progresiva dos movementos e desprazamentos nas actividades lúdicas e da vida cotiá. Traballado • Dominio gradual das actividades manipulativas de carácter fino. Traballado • Aplicación do control no ton, na postura, na respiración e no equilibrio en diversas situacións de actividade corporal. Traballado • Orientación e situación espacial entre elementos do medio e de si mesmo. Traballado • Estimación da duración dalgunhas rutinas e actividades en relación coas unidades de tempo. Traballado • Identificación de momentos temporais significativos e da súa función básica ao longo da xornada. Traballado • Participación en xogos que esixan movementos e desprazamentos individualmente ou de forma colectiva. Traballado • Práctica dalgunhas actividades deportivas. Traballado

- Manipulación de obxectos e xoguetes implicados nas situacións lúdicas. **Traballado**

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil

Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía Bloque: A actividade cotiá	Contidos conceptuais	Procedementos
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia. ✓ Interese por participar en actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía na súa realización, regulando o propio comportamento, para camiñar cara á resolución pacífica de conflitos. ✓ Habilidades para a interacción e colaboración, así como unha actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas e iguais, aceptando a diversidade. ✓ Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo. Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas. ✓ Valoración e gusto polo traballo propio ben feito e polo das demais persoas, buscando os recursos axeitados que lle permitan concluír os proxectos que inicia, sendo quen de solicitar e prestar axuda. ✓ Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara á autorregulación das súas accións. ✓ Recoñecemento progresivo da súa identidade persoal: capacidades, actitudes e coñecementos, aplicándoos nas súas actividades diarias. 	<ul style="list-style-type: none"> • As actividades da vida cotiá: <ul style="list-style-type: none"> ○ Tipos de actividades: rutinas, xogos, exploracións, hábitos. ○ Ámbitos de actividade: O colexio; As festas; As viaxes e as excursións; As comidas; As tendas e as compras; A roupa. ○ Tarefas e pequenas responsabilidades (en relación a si mesmo, en relación ao coidado de materiais, espazos e seres vivos; en relación aos demais). ○ Propias posibilidades e limitacións. ○ Pasos na realización de tarefas. • Normas de relación, convivencia e axuda mutua. • Expresións orais necesarias na vida cotiá: pedir, dar, preguntar, explicar, despedir, saudar, compartir e agradecer. • Sentimentos e necesidades vinculadas ás actividades máis frecuentes da vida cotiá. • Expresión de afectos aos membros do grupo familiar e escolar. • Hábitos e habilidades na realización de tarefas cotiás e nas relacións cos demais: organización, constancia, atención, iniciativa, esforzo, 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación das tarefas máis significativas que realizan algúns membros da familia. Traballado • Exploración dos obxectos e dependencias da casa e do colexio. Traballado • Secuenciación temporal e planificación de pasos dalgúns momentos significativos da súa vida cotiá. Traballado • Contextualización da propia conduta ás demandas dos outros. Traballado • Axuste progresivo da propia conduta ás normas de relación e convivencia. Traballado, é un grupo moi cohesionado a nivel de conduta • Lectura de imaxes, signos e símbolos relacionados co medio: sinais de tráfico sinxelos e relacionados con distintos establecementos. Traballado • Expresión de emocións, sentimentos e opinións relacionados coas actividades máis significativas da vida cotiá. Traballado • Dominio progresivo na utilización de obxectos e espazos vinculados á súa vida cotiá. Traballado • Exercitación progresivamente autónoma de tarefas e responsabilidades de coidado de si mesmo, do medio, dos materiais e dos seres vivos. Traballado, se en algo destacan e nas súas ganas de axudar e ter responsabilidades.

	colaboración e afectividade.	<ul style="list-style-type: none"> • Asimilación de posibilidades e limitacións. Traballado • Aproximación á exercitación de hábitos iniciativa, esforzo e organización Traballado • Establecemento de relacións afectivas cos demais. Traballado
--	------------------------------	---

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil

Área: Coñecemento de si mesmo e autonomía Bloque: O coidado persoal e a saúde	Contidos	Procedementos
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Recoñecemento das necesidades básicas do corpo -hixiene, alimentación, descanso...-. ✓ Iniciación na práctica de accións e recoñecemento de situacións que favorezan a interacción e adquisición de hábitos saudables como a hixiene corporal e ambiental, a adecuada alimentación, o consumo responsable e o descanso. ✓ Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene. ✓ Petición e aceptación de axuda nas situacións que así o requiran. ✓ Valoración da axuda doutras persoas ✓ Identificación e valoración de hábitos favorecedores ou non dunha boa saúde. 	<ul style="list-style-type: none"> • Hábitos para o coidado dun mesmo: <ul style="list-style-type: none"> ○ Hixiene, limpeza e coidado do propio corpo. ○ Alimentación. ○ Vestido e espido. ○ Descanso ○ Actividade e xogo (os deportes) • As enfermidades. Os accidentes. A dor. <ul style="list-style-type: none"> ○ Accións na casa. ○ Accións en espazos públicos. ○ Accións no colexio. • Normas relacionadas: <ul style="list-style-type: none"> ○ De seguridade viaria. ○ De contacto cos animais. ○ De protección e coidado ante as inclemencias do tempo. ○ De coidado dos espazos habituais. ○ De coidado da roupa e os propios obxectos. ○ De urbanidade na mesa. 	<ul style="list-style-type: none"> • Práctica das normas básicas favorecedoras da saúde, relacionadas co coidado de si mesmo. Traballado • Exercitación de habilidades de vestido e espido. Traballado • Práctica frecuente de actividade física. • Identificación de condutas adecuadas e inadecuadas na mesa. Traballado • Exercitación de accións vinculadas á hixiene e limpeza do corpo. Traballado • Discriminación dalgúns dos efectos e enfermidades resultado de prácticas contrarias ao mantemento da saúde. Traballado • Identificación de condutas de prevención de riscos nos contextos máis habituais da súa vida cotiá. Traballado • Manipulación progresivamente autónoma dos utensilios relacionados

<ul style="list-style-type: none"> ✓ Valoración da necesidade de desenvolverse en espazos saudables identificando as condicións que os caracterizan. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. ✓ Gusto por un aspecto persoal coidado manifestando as súas preferencias estéticas - vestimenta, peiteados, adobíos, coloridos...-. ✓ Emprego responsable e axeitado de instrumentos, ferramentas e instalacións para previr accidentes e evitar situacións de risco. ✓ Fomento de hábitos de prevención de enfermidades e de accidentes domésticos, respondendo con actitude de tranquilidade e colaboración. 	<ul style="list-style-type: none"> • Espazos, obxectos, útiles e profesións relacionados cos hábitos e o coidado de si mesmo: <ul style="list-style-type: none"> ○ Caixa de primeiros auxilios e medicamentos. ○ Condutas preventivas (no contacto cos animais, os desprazamentos e os medios de transporte, con obxectos e aparatos...) ○ Rutinas da vida cotiá. ○ Factores de risco e accións preventivas de situacións perigosas. 	<p>coa hixiene e os alimentos. Traballado</p> <ul style="list-style-type: none"> • Axuste ás normas básicas na utilización de obxectos e espazos. Traballado • Participación na elaboración de normas relacionadas cos hábitos saudables. Traballado • Comunicación de desexos e necesidades. Traballado • Práctica de actuacións e pequenas tarefas de conservación e coidado dos espazos. Moi Traballado dende os diferentes proxectos UNESCO • Diferenciación de accións promotoras e contrarias ao mantemento da saúde. Traballado
---	--	---

COMPETENCIAS BÁSICAS	2. OBXECTIVOS 6º NIVEL ATENDENDO AOS OBXECTIVOS XERAIS. 2ª Área
<p>1. Comunicación</p> <p>2. Lingüística</p> <p>3. Matemática</p> <p>4. Coñecemento e interacción co medio físico</p> <p>5. Tratamento da información e competencia dixital</p> <p>6. Social e cidadá</p> <p>7. Cultural e artística</p> <p>8. Aprender a aprender</p> <p>9. Autonomía e iniciativa persoal</p>	<p>1. 1. Expor preguntas sobre os principais fenómenos, servizos e seres vivos do seu medio social, natural e cultural, asociándoos a algunhas das súas funcións básicas. (2, 3, 5, 6, 7)</p> <p>2. Empregar o vocabulario básico relacionado co medio natural, social, e as relacións matemáticas para coñecer e desenvolverse gradual e adecuadamente no medio. (1, 2, 3, 5, 7, 8)</p> <p>3. Aplicar contidos lóxico-matemáticos a unha variedade cada vez maior de situacións, xogos e tarefas, valorando, na medida do posible, a súa utilidade. (2, 3, 7, 8)</p> <p>4. Indicar os trazos básicos de animais e plantas máis representativos do seu medio natural. (1, 2, 3, 7, 8)</p> <p>5. Utilizar coordenadas espacio-temporais esenciais (duración, secuenciación temporal) para ordenar a súa acción. (2, 7, 8)</p> <p>6. Mostrar unha comprensión básica das normas que rexen as relacións con adultos e iguais, axustando a súa conduta ás mesmas e participando na elaboración dalgunhas delas. (1, 5,6)</p> <p>7. Manifestar actitudes de dialogo e negociación como habilidades de resolución pacífica de conflitos. (1, 5, 8, 7)</p> <p>8. Interpretar mensaxes sinxelas procedentes das tecnoloxías da información e a comunicación. (1,2, 4, 5, 6)</p> <p>9. Expresar oralmente a localización temporal de celebracións e datas sinaladas do medio. (2, 5, 6)</p>

10. Cooperar cos demais nos labores cotiáns, mostrando actitudes de respecto e colaboración. (1, 5)
11. Mostrar hábitos de coidado e respecto do medio en que desenvolve a súa actividade. (3, 5, 6, 8)
12. Identificar figuras (círculo, triángulo, cadrado, rectángulo) mostrando curiosidade por atopar as devanditas figuras e corpos no medio escolar, doméstico, natural e cultural. (2, 3, 6 e 8)

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil

Área: Coñecemento do contorno Bloque: Medio físico: elementos, relacións e medidas	Contidos conceptuais	Procedementos
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Interese pola exploración dos obxectos e materiais presentes no medio recoñecendo as súas funcións e usos cotiáns e mais mantendo unha actitude de respecto e coidado cara a obxectos propios e alleos. ✓ Recoñecemento dalgúns atributos e propiedades de obxectos e de materiais, examinando con atención as súas características e a súa aplicación na vida diaria. ✓ Interese pola clasificación de obxectos e de materiais e aproximación á cuantificación de coleccións. ✓ Identificación de formas planas e 	<ul style="list-style-type: none"> • Tipos de obxectos presentes no seu medio: <ul style="list-style-type: none"> ○ Tipos: do colexio, da casa; obxectos naturais e elaborados; propios de cada estación; relacionados coa experimentación; lúdicos; relacionados cos hábitos; relacionados cos medios de comunicación e as tecnoloxías da información e a comunicación. ○ Materiais, funcións, normas de utilización e coidado. ○ Propiedades: tamaño, forma, material, textura, cor, grosor, peso. ○ Funcións básicas. ○ Estados dos obxectos e substancias. ○ Elementos do universo: ceo, espazo, o sol. • Dependencias e tarefas asociadas. • Relacións que establecen os obxectos, coleccións: <ul style="list-style-type: none"> Correspondencias, clasificacións,seriacións de seiselementos,ordenacións • Criterios na agrupación de obxectos: utilidade, 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación das propiedades básicas dos obxectos: forma, cor, tamaño, textura e grosor. Traballado • Clasificación de obxectos e coleccións atendendo ás súas semellanzas e diferenzas. Traballado • Aplicación de cuantificadores básicos en operacións e situacións vinculadas co xogo e a actividade cotiá. Traballado • Correspondencias entre obxectos da vida cotiá. Traballado • Establecemento de ordenacións e seriacións de obxectos utilizando como referentes os 6 primeiros números naturais e os referentes temporais. Traballado • Identificación do criterio de pertenza e non pertenza a unha colección. Traballado • Asociación dos 9 primeiros números para contar elementos e obxectos cotiáns. Traballado, incluso nas rutinas co calendario e pasando lista imos máis alá • Comprensión e utilización do número 0. Traballado • Realización de agrupacións e conxuntos tendo como referentes os números do 1 ao 9. Traballado

<p>tridimensionais en elementos do contorno.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Recoñecemento do uso do número na vida diaria e inicio no rexistro de cantidades. Emprego dos números para identificar, contar, clasificar, numerar, informarse e ordenar elementos da realidade sempre en situacións contextualizadas e significativas. ✓ Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá. ✓ Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais. ✓ Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación... ✓ Observación e toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá. ✓ Utilización da acción de contar como estratexia para a obtención dun dato numérico e como verificación do resultado de operacións de cálculo sinxelas e funcionais. ✓ Proposición e resolución de situacións problemáticas sinxelas da vida cotiá: localizar un dato numérico, facer unha repartición, realizar unha estimación... 	<p>semellanzas e diferenzas; pertenza e non pertenza, equivalencia...</p> <ul style="list-style-type: none"> • Medidas: <ul style="list-style-type: none"> ○ A medida de lonxitude: longo/curto; alto/baixo ○ A medida do tamaño: ancho/estreito; grande/pequeno/mediano. ○ A medida do peso: gordo/delgado; lixeiro/pesado. ○ A media do tempo: rápido/lento; rápido/amodo; antes/despois, mañá/tarde/noite, onte/hoxe/mañá, estacións do ano, días da semana, meses do ano. As horas. ○ A medida de capacidade: cheo/baleiro; bastante; suficiente; a metade; o dobre. ○ A cantidade: todos/algúns, case todos, ningún, algún; moitos/poucos, máis que / menos que / igual que, tantos como, metade, dobre. Bastante, suficiente. ○ Unidades de medida: naturais e arbitrarias. • O número: <ul style="list-style-type: none"> ○ Unidade: aspectos cardinais e ordinais do número. ○ A serie numérica: números do 0 ao 9. ○ Os primeiros ordinais: 1º a 9º • Táboas de dobre entrada. • Sumas e restas sinxelas (suma vertical). • Formas, orientación e representación no espazo: <ul style="list-style-type: none"> ○ Formas planas: o círculo, o cadrado, o triángulo o rectángulo e o rombo. Combinacións de formas planas. ○ Corpos xeométricos: a esfera, o óvalo, o cubo, a pirámide, o prisma, o cilindro. 	<ul style="list-style-type: none"> • Manipulación progresivamente axustada dos obxectos máis presentes na súa vida cotiá. Traballado • Elaboración de obxectos artísticos e decorativos. Traballado no taller de plástica • Creación de obxectos a partir doutros de uso común ou de recuperación. Moi traballado a través do proxecto Desplatificate aprenderon a importancia de reutilizar e reciclar • Experimentación das propiedades físicas de obxectos e substancias (electricidade estática, mestura de substancias, efecto da temperatura na materia). Traballado, este curso tivemos un taller de experimentos • Uso adecuado e educativo de obxectos relativos aos medios de comunicación e ás tecnoloxías da información e a comunicación. Traballado, as rutinas facíanas na pizarra dixital con total autonomía • Discriminación de usos adecuados ou inadecuados dos obxectos. Traballado • Anticipación das consecuencias de determinadas accións sobre os obxectos: romper, arranxar, ventilar etc. Traballado • Discriminación dalgúns dos elementos básicos do ceo e do espazo. Traballado • Identificación de obxectos, materiais e elaboracións propias da arte. Traballado • Exploración das propiedades dos obxectos e espazos cotiáns a través da aplicación de unidades de estimación da medida (tamaño, lonxitude, peso, capacidade e cantidade) naturais e arbitrarias. Traballado nos diferentes talleres • Discriminación de formas planas e corpos xeométricos en obxectos cotiáns. Traballado • Estimación da duración e secuenciación temporal dalgunhas rutinas e acontecementos que se producen no seu medio máis próximo. Traballado
---	--	---

- Liñas: abertas, pechadas, curvas e rectas.
- As posicións dos obxectos no espazo e en relación co propio corpo: arriba/abaixo; dentro/fóra; ao redor; diante/detrás; á beira de; a un lado / ao outro lado; centro; no medio; entre; xuntos/separados; dereita, esquerda.
- Identificación dos principais referentes temporais propios do medio social e natural: días da semana, estacións e meses do ano. **Traballado cada día nas rutinas**
- Discriminación das horas en punto en reloxos de esfera e outras representacións gráficas sinxelas. **SEN AFIANZAR**
- Localización de obxectos e de si mesmo aplicando conceptos espaciais de referencia. **Traballado**
- Combinación da expresión lóxico matemática con outras modalidades expresivas no desenvolvemento da autonomía. **Traballado**
- Elaboración de producións relacionadas coa grafía de números, realización de operacións básicas (sumas básicas e iniciación á resta) e representacións gráficas. **Traballado, aínda que a algún alumno lle queda afianzar a resta.**
- Manipulación con material específico de expresión lóxico-matemática (regretas, bloques lóxicos, ábacos, xogos didácticos...). **Traballado**

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil

Área: Coñecemento do contorno
Bloque: Achegamento á natureza

Contidos conceptuais

Procedementos

<ul style="list-style-type: none"> ✓ Identificación e afondamento no estudo dalgunhas características e funcións vitais dos seres vivos empregando a exploración sensorial. Diferenzas entre seres vivos e obxectos inertes. ✓ Observación dun ser vivo no seu medio natural ou reproducindo o medio na aula, rexistrando a observación e contrastando os datos entre compañeiras e compañeiros. ✓ Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos. ✓ Identificación dalgunhas características, necesidades e cambios nos procesos de crecemento e etapas do desenvolvemento das persoas e outros seres vivos. ✓ Curiosidade, respecto e coidado cara aos elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. ✓ Descubrimento das diferentes formas en que se encontra a auga na natureza, comprendendo a súa contribución ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, valorando a necesidade da súa conservación e de facer un uso responsable dela. ✓ Identificación dos cambios que se producen en canto á luminosidade, á posición do sol, aos ciclos da lúa... ao longo dun día, dos meses e das estacións do ano. ✓ Formulación de hipóteses, contrastándoas coas das outras persoas, buscando respostas e explicacións sobre as causas e consecuencias de fenómenos do medio natural –calor, choiva, vento, día, noite, erosión, ciclo vital...- e dos, muíños de auga...-. ✓ Gozo ao producidos pola acción humana - pontes, encoros, aeroxeradores realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar, apreciando o medio natural como un espazo para a recreación, a aventura e conservación, a 	<ul style="list-style-type: none"> • Elementos do medio natural: <ul style="list-style-type: none"> ○ Os animais. <ul style="list-style-type: none"> ▪ Tipos de hábitats. ▪ Medio polo que se desprazan: terra, auga e aire. ▪ Semellanzas e diferenzas físicas ▪ Formas de alimentarse e resgardarse ▪ Animais da granxa e da selva, mascotas. ▪ Animais mamíferos e ovíparos ▪ Animais herbívoros e carnívoros ▪ Animais propios de paisaxes e climatoloxías. ▪ Partes dos animais (cabeza, tronco, patas, pelo, escamas, plumas...) ○ As Plantas: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Árbores, arbustos, flores e froitos ▪ Tipos de árbores en función da folia (caduca ou perenne) ▪ Tipos de froitos ▪ Proceso de crecemento ▪ Partes da planta ▪ Cambios en función da estación • Espazos verdes. Xardíns e parques <ul style="list-style-type: none"> ○ Rochas e ríos. ○ Chuvia e vento 	<ul style="list-style-type: none"> • Observación das propiedades básicas de animais e plantas. Moi traballado, contamos cun entorno privilexiado e horta • Discriminación das características da forma de vida dalgúns animais. Traballado • Identificación de semellanzas e diferenzas entre o home e os animais. Traballado • Discriminación de tipos de animais en función de diversos criterios(trazos físicos, forma de alimentación e reprodución, hábitat característico...) Traballado. • Establecemento de correspondencias entre algúns alimentos e bens e a súa orixe animal e vexetal. Traballado • Discriminación dos trazos básicos das árbores e as flores. Traballado • Clasificación de árbores e froitos en función de diversos criterios (partes, tipo de folia, estación do ano...). Traballado • Secuenciación dos pasos básicos no crecemento dunha planta. Moi traballado dende a horta • Observación de espazos verdes propios do medio natural e da localidade urbana. Traballado • Discriminación dos coidados básicos que necesitan os seres vivos Traballado • Identificación da función básica das profesións relacionadas. Traballado
---	---	---

<p>realización de actividades ao aire libre e o contacto con elementos da natureza.</p> <p>✓ Participación en proxectos e investigacións no medio natural, expresando as actividades realizadas e os resultados obtidos mediante diferentes representacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ○ O día e a noite ○ O sol e as nubes • Orixe dos alimentos: animal e vexetal. • Relacións entre as persoas, os animais e as plantas: Necesidade e utilidade (compañía, alimentación, vestido, traballo, cuidados). • Normas no contacto cos animais e as plantas. • Profesións relacionadas cos animais e as plantas. • Cuidados necesarios. 	<ul style="list-style-type: none"> • Escenificación dos animais máis representativos do seu medio. Traballado • Percepción de determinadas modificacións que experimentan os seres vivos ao longo do ano. Traballado • Participación activa en actividades, xogos e deportes realizados no medio natural. Traballado • Relación cos seres vivos segundo certas normas de saúde , cuidado e hixiene. Traballado
--	--	--

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil

Área: Coñecemento do contorno Bloque: Cultura e vida en sociedade	Conceptos	Procedementos
<p>✓ Identificación da familia e da escola como primeiros grupos sociais de pertenza, valorando positivamente as relacións afectivas que neles se establecen, mantendo unha actitude de colaboración e asumindo pequenas responsabilidades. Recoñecemento e respecto dos diferentes tipos de familias.</p> <p>✓ Valoración das relacións afectivas que se establecen na familia e na escola.</p> <p>✓ Interese e disposición favorable para iniciar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e nenas doutras culturas.</p> <p>✓ Achegamento ás funcións que cumpren diversas persoas, organizacións e institucións para cubrir necesidades e achegar servizos presentes na súa comunidade, evitando estereotipos sexistas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Grupos sociais. • A familia: <ul style="list-style-type: none"> • Membros • Relacións de parentesco (Pais, irmáns, avós, tíos e curmáns). • Lugar que se ocupa na familia. A árbore xenealóxica. • Normas básicas de convivencia. • Funcións e ocupacións. • Costumes familiares. • Ornamentación • Tipos de familias: en función dos membros e da cultura. • A escola: <ul style="list-style-type: none"> • Membros: profesores titores, profesores especialistas, compañeiros, persoal non docente, pais. • Funcións e ocupacións de nenos e profesores. • Normas básicas de convivencia. • Espazos e materiais: <ul style="list-style-type: none"> ○ A casa: tipos (piso, casa de aldea, de cidade). Dependencias e funcións. Características e dirección da propia casa: rúa, número e piso. ○ A escola: dependencias, usos e funcións. Características da propia clase: recunchos, materiais, utilidade. Espazos do centro: patio, sala de psicomotricidade, aseos. • Principais tarefas, funcións e actividades que se desenvolven na familia e a escola: tarefas cotiás, actividades e xogos 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación de comportamentos e actitudes adecuadas en relación ás normas que rexen nos diversos grupos aos que se pertence. Traballado • Participación nalgunhas das normas elementais de convivencia. Traballado • Discriminación das principais funcións dos membros da familia e a escola. Traballado • Establecemento de relacións de seguridade e confianza cos adultos cos que ten contacto (pais, cuidadores, familiares, mestres). Traballado • Relación progresivamente máis rica cos seus iguais. Traballado • Aplicación de habilidades de autonomía na orientación nos espazos e percorridos habituais. traballado • Uso correcto das dependencias, espazos e materiais habituais. Traballado • Anticipación dalgunhas rutinas familiares e escolares cotiás. Traballado • Práctica responsable dalgunhas tarefas ou encargos sinxelos. Traballado • Participación activa nos preparativos e as celebracións dos costumes e tradicións escolares e familiares. Traballado • Interpretación das principais relacións de parentesco e elaboración de gráficos acerca da familia (árbore xenealóxica). Traballado • Discriminación dalgúns tipos de familia en función dos seus compoñentes e da tradición cultural. Traballado

✓ Colaboración co resto de compañeiros e compañeiras na vida da aula, amosando disposición para compartir e resolver conflitos. Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento.

- escolares e pequenas responsabilidades.
- Primeiros momentos temporais: tempo de lecer, de festa etc.
 - Trazos principais do medio: propiedades; tipos de paisaxes, o tempo atmosférico, a intervención humana na paisaxe.
 - Trazos principais da comunidade:
 - Ocupacións e servizos: medios de transporte, comercio, lecer, seguridade, sanidade e escola.
 - Profesións e as súas funcións: profesores especialistas, director de orquestra, policía, bombeiro, garda, o óptico, o dentista, o xardineiro, o agricultor, o apicultor, o coidador de aves.
 - Costumes, tradicións e festas vinculadas tanto ao medio social como natural
 - Deportes practicados no seu medio.
 - Obras artísticas moi representativas.
 - Normas de convivencia.
 - Mobiliario urbano.
 - A seguridade viaria: beirarrúas, semáforos, pasos de peóns.
 - A interculturalidade.
 - Os medios de comunicación interpersonal e medios de comunicación de masas.
 - Tecnoloxías da información e comunicación como elementos do seu medio.
 - Consumo responsable e solidario.

- Identificación dalgunhas das características propias da paisaxe rural e a urbana. **Traballado**
- Percepción das modificacións que se producen na paisaxe e na vida das persoas co paso do tempo e das estacións. **Traballado**
- Clasificación de servizos, espazos e profesionais en función de diversos criterios. **Traballado**
- Correspondencias entre profesionais, funcións e ferramentas ou instrumentos que utilizan. **Traballado**
- Exercitación de condutas responsables relacionadas coa educación viaria e a utilización dos medios de transporte. **Traballado, aínda que non está demais seguir incidindo neste contido.**
- Interpretación da mensaxe básica que transmiten os medios de comunicación e as tecnoloxías da información e a comunicación. **Traballado**
- Participación en actividades relacionadas coas tradicións e as festas e en actividades deportivas. **Traballado**
- Discriminación de obras artísticas pictóricas moi representativas do seu medio.
- Exercitación do diálogo como vía básica na resolución de conflitos. **Traballado, non é un grupo no que se den conflitos, rara vez y normalmente autoxestiónanse.**

C. BÁSICAS	2. OBXECTIVOS 6º NIVEL ATENDENDO AOS OBXECTIVOS XERAIS. 3ª Área
<ol style="list-style-type: none"> 1. Comunicación Lingüística 2. Matemática 3. Coñecemento e interacción co medio físico 4. Tratamento da información e competencia dixital 5. Social e cidadá 6. Cultural e artística 7. Aprender a aprender 8. Autonomía e iniciativa persoal 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Expresar oralmente, por medio de oracións sinxelas, mensaxes nas que se respecten as normas básicas que rexen os intercambios lingüísticos. (1,3,4,6,7) 2. Interpretar o significado de símbolos vinculados a palabras e a textos escritos. (1,3,4,6,7) 3. Elaborar relatos sinxelos, a partir da escoita activa de textos lidos por un adulto e tras a manipulación de materiais de literatura infantil. (1,3,4,6,7) 4. Identificar a lingua como un instrumento de comunicación, mediante a escoita, e a comprensión de contos infantís, refráns, poemas e adiviñas. (1, 6, 7, 7). 5. Elaborar traballos manuais, experimentando con diferentes tipos de materiais, e obxectos, combinando cores, texturas e formas a partir da observación(6, 7) 6. Participar na escoita, audición e interpretación de cancións infantís mostrando actitudes de respecto e colaboración cos demais. (5, 6, 7) 7. Explorar os recursos expresivos do corpo (movementos, sons, xestos) para a realización de sinxelas producións. (3,5,6,8) 8. Coordinar movementos segmentarios e globais mostrando unha asimilación das nocións espaciais de situación e dirección e un maior control nos desprazamentos e movementos. (2,3,5,6,7,8)

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil

Área: Linguaxes: Comunicación e Representación Bloque: Linguaxe verbal: escoitar, falar e conversar	Conceptos	Procedementos
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos; para adquirir coñecementos; para expresar e comunicar ideas, sentimentos e emocións; para facer peticións e como mecanismo para regular a propia conduta e a das demais persoas. ✓ Uso progresivo, acorde coa idade, de léxico variado, aumentando a precisión na busca dunha maior estruturación das súas frases. ✓ Participación de forma oral e conversas, narracións, anécdotas, chistes, xogos colectivos e outros, incrementando o vocabulario, empregándoo con crecente precisión, con entoación axeitada, pronuncia clara e usando estruturas oracionais que enriquezan as propias competencias comunicativas. ✓ Participación en situacións de comunicación con distintos propósitos, en diferentes contextos e con persoas interlocutoras diversas usando argumentos nas súas conversas, respectando quendas e escoltando atentamente. ✓ Acomodación progresiva dos seus enunciados aos formatos convencionais. ✓ Emprego axeitado das formas socialmente establecidas para relacionarse coas demais persoas - saúdos, despedidas, fórmulas de cortesía, cumprimentos...-. ✓ Interese por participar en interaccións orais en lingua 	<ul style="list-style-type: none"> • Necesidades e situacións de expresión e comunicación oral máis habituais: <ul style="list-style-type: none"> ○ Respiración e prearticulación ○ Vocabulario relacionado con cada situación (co propio corpo, o colexio, a casa, os hábitos, as estacións, o medio social e natural). ○ Normas básicas que rexen os intercambios lingüísticos. ○ Necesidades: expresión e descrición de necesidades, emocións e intencións. Desexos e sensacións. Suxestións, achegas e desacordos. Gustos e preferencias. Alternativas para a solución pacífica de conflitos. Respostas afirmativas e negativas. ○ Nocións estruturais: adverbio de negación, nomes propios, derivación de palabras, conxuncións, pretérito perfecto, perífrases de futuro (vou + verbo), diminutivos e aumentativos, adxectivos cualificativos, pronomes posesivos; oracións coordinadas, subordinadas, afirmativas, interrogativas, exclamativas. ○ Formais orais socialmente establecidas: saúdos, presentacións, despedidas, peticións, expresións de axuda e 	<ul style="list-style-type: none"> • Expresión de mensaxes referidas a necesidades, emocións e informacións a través da combinación da linguaxe corporal, oral e plástica. Traballado • Enumeración dos elementos principais (obxectivos e subxectivos) que transmiten as imaxes fixas ou en movemento. Traballados • Práctica de exercicios de respiración, prearticulación e sopro que faciliten o perfeccionamento (entoación e articulación) da expresión oral. Traballado • Interpretación das intencións comunicativas daquelas mensaxes que recibe de adultos e iguais. Familiarización con diversas intencións comunicativas que dependen das diversas situacións da vida cotiá. Traballado • Descrición dalgunhas das propiedades básicas dos obxectos, persoas e situacións cos que ten contacto habitual. Traballado • Utilización de oracións sinxelas (afirmativas, negativas, interrogativas, admirativas, exclamativas, coordinadas e subordinadas); e das variacións que fan referencia a xénero, número, tempo, persoa. Traballado, aínda que hai alumnos cos que é preciso seguir traballando este concepto • Explicación dos propios intereses, gustos e preferencias. Traballado • Escenificación de situacións e intercambios lingüísticos vinculados á súa vida cotiá así como aos contos e outras manifestacións literarias. Traballado • Axuste do seu discurso e conduta comunicativa ás normas básicas que rexen os intercambios lingüísticos (escoitar, gardar silencio, responder, preguntar, interesarse polas suxestións doutros) e participación en conversas colectivas dirixidas polo profesor. Moi traballado diariamente nas asembleas

<p>estranxeira, en rutinas e situacións habituais de comunicación, amosando unha actitude positiva cara a esta lingua.</p>	<p>agradecementos.</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Os sons: do colexio, da casa, dos animais, da natureza, dos medios de transporte, dos medios de comunicación. • Situacións comunicativas <ul style="list-style-type: none"> ○ Vinculadas á súa vida habitual: diálogos, conversas, situacións de xogo, rutinas. ○ Situacións comunicativas sinxelas en lingua estranxeira ○ Normas que rexen os intercambios lingüísticos 	<ul style="list-style-type: none"> • Reprodución e incorporación ao seu discurso de vocabulario básico e significativo vinculado a si mesmo, aos demais e ao medio no cal realiza habitualmente a súa actividade. Traballado • Achega de ideas e suxestións na participación en conversas colectivas e diálogos. Traballado • Emisión de sinais extralingüísticos (entoación, xesticulación, expresións faciais) que faciliten e apoiem a comprensión e expresión oral. Traballado • Expresión e ampliación progresiva de formas orais socialmente establecidas para saudar, despedirse, dar as grazas, pedir por favor, pedir axuda, expresar agradecemento e formular peticións. Traballado • Exercitación de habilidades de produción e comprensión de mensaxes simples en lingua estranxeira. Traballado
--	---	--

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil

Área: Linguaxes: Comunicación e Representación Bloque: Aproximación á lingua escrita	Conceptos	Procedementos
<p>✓ Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e gozo a través de soportes diferentes.</p> <p>✓ Interese e atención na escoita de narracións e instrucións lidas por outras persoas.</p> <p>✓ Iniciación no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.</p> <p>✓ Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas atendendo a propiedades cuantitativas –cantidade de letras, palabras longas e palabras curtas- e propiedades cualitativas -variedade de grafías-. Iniciación ao coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.</p> <p>✓ Interese e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Textos, manifestacións e soportes propios da lingua escrita. • Normas na manipulación e a utilización. • As imaxes, os signos e símbolos como medio de comunicación, información e gozo. <ul style="list-style-type: none"> ○ Imaxes fixas: contos, ilustracións, fotos, láminas, carteis, imaxes da prensa (revistas e xornais). ○ Imaxes móbiles: cine, televisión, publicidade, programas informáticos, imaxes da internet. • Grafomotricidade: <ul style="list-style-type: none"> ○ Grafía de números do 0 ao 9. ○ Trazos verticais, horizontais, circulares, oblicuos, aspás e cruces, espirais, festóns (ascendentes e descendentes). Bucles ascendentes e descendentes, ondas, ameas. Enlaces e combinacións. 	<ul style="list-style-type: none"> • Ordenación de secuencias, imaxes en fotografías, historietas gráficas en soporte magnético etc. Traballado • Asociación de imaxes e símbolos (de carteis, gravados e fotografías) a palabras e textos escritos. Traballado • Identificación nalgúns soportes do contido escrito e o contido icónico: debuxos, sinais, pictogramas. Traballado • Interpretación do significado de símbolos relacionados co medio social e natural e vinculados ás palabras. Traballado • Lectura de imaxes móbiles relacionadas cos medios de comunicación e as Tics. Traballado • Elaboración de imaxes e símbolos para transmitir mensaxes sinxelas. Traballado • Aplicación dalgúns coñecementos convencionais relacionados coa lingua escrita (posición do libro, paso das follas, función das ilustracións, postura, presión do lapis). Traballado • Exercitación de habilidades escritas básicas relacionadas coa grafomotricidade relativas a números e a trazos progresivamente máis complexos. Traballado • Combinación de trazos coñecidos. Traballado • Lectura global de frases e palabras moi significativas. Traballado

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil

Área: Linguaxes: Comunicación e Representación	Conceptos	Procedementos
--	-----------	---------------

Bloque: Achegamento á literatura		
<ul style="list-style-type: none"> ✓ Escoita e comprensión da lectura en voz alta, realizada por unha lectora ou lector competente de contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas, teatro...; tanto tradicionais como contemporáneas, nas dúas linguas oficiais, e como fonte de pracer e de aprendizaxe compartida. ✓ Dramatización de textos literarios, desfrute e interese por expresarse con axuda de recursos non lingüísticos. ✓ Memorización e recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima e a beleza das palabras producen. ✓ Participación creativa en xogos lingüísticos –encadeados de palabras, adiviñas, trabalinguas, onomatopeas...- acompañados de respostas corporais -xestos, movementos, ritmos...- para divertirse e para aprender na compañía de iguais e de persoas adultas. ✓ Interese por compartir interpretacións, sensacións, emocións e opinións provocadas polas producións literarias, iniciándose nos faladoiros literarios. ✓ Introducción ao uso das bibliotecas de centro e de aula como un medio máis de aproximación á literatura e como espazo privilexiado de recursos para a diversión e o coñecemento. 	<ul style="list-style-type: none"> • Xéneros literarios: poesía (infantil e de tradición oral, o pareado), narración (conto e fábula), descrición e diálogo. • Textos de tradición cultural: contos, anécdotas, lendas, poemas, cancións, adiviñas, trabalinguas, coplas, romanzas e xogos de palabras. • Contos e historias inventadas. • Imaxes fixas e en movemento: láminas, bandas deseñadas, ilustracións, fotos, imaxes televisivas e informáticas. • Biblioteca de aula. <ul style="list-style-type: none"> ○ 	<ul style="list-style-type: none"> • Narración de feitos, incidentes e acontecementos imaxinados ou da vida cotiá. Comunicación de ideas, sentimentos, emocións e necesidades nesas narracións. Traballado • Creación conxunta de contos e relatos. Traballado • Reprodución e comprensión da idea básica que transmiten algúns textos de tradición cultural (contos, poemas, cancións de roda, adiviñas, trabalinguas e xogos de palabras) individual e colectivamente. Traballado • Mantemento da escoita activa e a atención na lectura, e narración de textos por parte do adulto. Traballado • Manipulación de material relacionado coa literatura infantil (contos, poesías de tradición oral, cómics...) Traballado • Comprensión básica de narracións, contos e outras mensaxes lidas por un adulto. Traballado • Participación na organización, coidado e utilización da biblioteca de aula. Traballado

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil		
<p>Área: Linguaxes: Comunicación e Representación</p> <p>Bloque: Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal</p>	<p>Conceptos</p>	<p>Procedementos</p>

<ul style="list-style-type: none"> ✓ Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver. ✓ Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa. ✓ Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica -líña, forma, cor, textura, espazo e volume- ✓ Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión -cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros- que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética. ✓ Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproector, encerado dixital, fotografías....- e das distintas técnicas -debuxo, pintura, collaxe, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...- como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias... ✓ Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos. ✓ Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empreñando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proxector... ✓ Interpretación e valoración de diferentes 	<ul style="list-style-type: none"> • Técnicas sinxelas de expresión plástica: <ul style="list-style-type: none"> ▪ De pintura: debuxo, coloreado (con rotuladores grosos e finos, con témperas), estampación, esgrafiado. ▪ De colaxe e papel: resgado, picado, pegado, cosido, recortado, colaxe e mosaico. ▪ De modelaxe: en volume e en plano (plastilina e papel maché). ▪ De traballos manuais: maquillaxe, construción, papiroflexia, encaixado de pezas, composicións con figuras planas. • Materiais para a expresión plástica: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Funxibles: ceras, témperas, pintura de dedos, plastilina, arxila, papel, papel maché, rotuladores grosos e finos, pegamento, fariña. ▪ Non funxibles: punzón, tesoiras, útiles de modelaxe, material de cosido, persoais. ▪ De reciclaxe: caixas, envases, papel de xornais e revistas, las, teas, sementes, alimentos, materiais do medio natural. • Producións: composicións, murais colectivos, móbiles, ilustracións, obxectos de decoración para a aula, carteis con nomes propios, adornos do Nadal, maquetas, monicreques, disfraces, obxectos do medio social (elementos dun restaurante) e do medio natural (a granxa), mosaicos, postais. • Elementos básicos da expresión gráfica e plástica <ul style="list-style-type: none"> ○ Cores: verde, azul, amarelo, laranxa, 	<ul style="list-style-type: none"> • Representación de obxectos, elementos sinxelos e persoas presentes no medio ou fantásticos a través da expresión plástica e musical. Traballado • Configuración de creacións que representen a figura humana a través de diversas técnicas plásticas e musicais. Traballado • Identificación das calidades básicas dos obxectos e materiais: cor, forma, textura, cheiro. Traballado • Elaboración de producións plásticas e musicais a través de diferentes materiais e técnicas; expresando con elas feitos, vivencias e desexos. Traballado • Utilización de útiles (pinces, rotuladores, punzóns, instrumentos musicais naturais e de percusión) que esixan progresivamente maior precisión de movementos. Traballado • Exercitación de habilidades psicomotoras xerais e segmentarias no contacto con técnicas e materiais. Traballado • Control do trazo e a presión no traballo con diversos materiais. Traballado • Identificación das propiedades básicas de manifestacións artísticas plásticas de especial significación. Traballado • Lectura, progresivamente crítica, de diferentes tipos de imaxes presentes no medio. Traballado pero nalgúns alumnos falta afianzamento • Elaboración da grafía do nome propio na creación de producións plásticas (carteis, postais, modelaxes). Traballado • Correspondencias entre producións e materiais e técnicas a empregar. Traballado • Elaboración a través da experimentación de diversas cores e gamas dos mesmos. Traballado • Utilización e conservación do material propio da expresión plástica e musical en base a unhas normas coñecidas e respectadas. Traballado • Aplicación de respostas creativas na realización de elaboracións plásticas e musicais. Traballado • Localización e identificación de sons propios do medio social e natural.
---	--	--

<p>tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesás manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.</p> <ul style="list-style-type: none"> ✓ Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquejos para a consecución dunha melloría na produción. ✓ Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais. Utilización dos sons achados para a interpretación e a creación musical. ✓ Vivencia do son e do silencio. ✓ Recoñecemento de sons do contorno natural e social, e discriminación dos seus trazos distintivos. ✓ Creación de secuencias de movementos e ritmos a partir das sensacións que lle xera a música. ✓ Audición atenta de obras musicais populares, clásicas e contemporáneas. Participación activa e gozo na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas colectivas e individuais. ✓ Creación, mediante a música e o baile, dos propios patróns, recreando situacións, ideas, feitos e sentimentos, mediante o humor, o absurdo e a fantasía, compartindo con outras persoas as propias creacións. ✓ Vivencia de xestos e movementos como 	<p>vermello, morado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Gamas de cores: gamas do verde, do laranxa, do morado. ○ Propiedades básicas dos obxectos. ○ A figura humana. • Representacións artísticas de especial significación no seu medio cultural e outros próximos: fotografías, debuxos, pinturas, esculturas, ilustracións. • Artistas significativos e relación con técnicas características (Monet e o impresionismo). • Os sons: <ul style="list-style-type: none"> ○ Ruído, silencio, sons do medio, sons musicais. ○ Instrumentos musicais: naturais, propios das tradicións; de pequena percusión, de artesanía infantil. ○ A voz humana e o canto. ○ Música de diferentes estilos (para bailar, para durmir...). ○ Tipos de sons: de obxectos habituais, dos seres vivos, de instrumentos musicais. ○ Propiedades dos sons musicais: intensidade (sons fortes-débiles) duración (sons longos-curtos); altura (sons graves-agudos) e o timbre. • As propiedades sonoras do corpo. Instrumentos naturais: <ul style="list-style-type: none"> ○ Sons e ruídos producidos pola boca. ○ Sons e ruídos producidos polo seu 	<p>Traballado</p> <ul style="list-style-type: none"> • Imitación de sons do seu medio habitual: de persoas, animais, obxectos, máquinas, elementos do medio natural. Traballado • Exercitación de prácticas de relaxación, respiración, articulación e entoación. Traballado • Identificación dalgunhas das propiedades dos sons: altura, duración, timbre e intensidade. Traballado • Reprodución de sons co propio corpo, os obxectos cotiáns e os instrumentos musicais. Traballado • Recreación de secuencias rítmicas básicas e ecos rítmicos sinxelos. Traballado • Exercitación de movementos que marquen o pulso dunha canción, secuencia rítmica ou rima. Traballado • Recoñecemento e interpretación dos principais tipos de instrumentos musicais. Traballado • Discriminación do timbre, entoación e duración dos sons producidos por diferentes instrumentos naturais e musicais. Traballado • Interpretación dun repertorio elemental de cancións sinxelas. Traballado • Participación en pequenas coreografías e en xogos musicais. Traballado • Recoñecemento de melodías sinxelas. Traballado • Identificación e comunicación dalgúns sentimentos e emocións que transmite a música. Traballado • Escolta de pezas pertencentes a distintos estilos musicais: de baile, clásica, de tradición cultural, infantís, de roda... Traballado • Secuenciación das partes básicas dunha audición. Traballado • Elaboración de instrumentos musicais de artesanía infantil. Traballado • Familiarización con autores e artistas representativos do seu medio sociocultural e interpretación da idea principal na observación guiada dalgunhas obras plásticas. Traballado
---	--	---

<p>recursos corporais para a expresión e a comunicación e mais intercambio afectivo.</p> <p>✓ Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal - mimo, monicreques, teatro de sombras...- colaborando na elaboración dos elementos necesarios para unha ambientación axeitada.</p>	<p>propio corpo (internos e externos).</p> <ul style="list-style-type: none"> ○ Ecos rítmicos corporais. • Son e movemento • O ritmo: <ul style="list-style-type: none"> ○ Tempo e acento. ○ A velocidade: ritmos rápidos e lentos. • Cancións: infantís, panxoliñas e danzas populares e libres, cancións asociadas ás rutinas da actividade cotiá (de presentación). • Xogos musicais e danzas. • Estilos musicais: música clásica, popular, intercultural, infantil, de baile e autores representativos. • Normas básicas na utilización, coidado e clasificado de técnicas e materiais de expresión plástica e musical. • Posibilidades expresivas asociadas ao propio corpo: movementos, xestos e expresións faciais. • Articulacións básicas do propio corpo. • Expresión corporal en combinación con outras modalidades expresivas. <ul style="list-style-type: none"> ○ Expresión corporal e oral (a dramatización) ○ Expresión corporal e musical (son e movemento). ○ Expresión corporal e educación emocional (linguaxe corporal emocional). ○ Expresión corporal e expresión lóxico- 	<ul style="list-style-type: none"> • Manipulación cos materiais básicos da expresión plástica e musical Traballado • Exercitación das posibilidades expresivas básicas do propio corpo: movementos, sons, xestos, expresións faciais. Traballado • Expresión corporal dos sentimentos básicos. Traballado • Interpretación dos sentimentos e emocións que recibe dos demais. Traballado • Asimilación de nocións de orientación espacial, situación e dirección: <ul style="list-style-type: none"> ○ cara a adiante / cara a atrás ○ a un lado / a outro lado ○ arriba/abaixo ○ a un lado / a outro lado ○ cara a dentro / cara a fóra ○ primeiro/último ○ enriba / no medio ○ dereita/esquerda ○ arredor ○ centro ○ amodo/á présa Traballado • Control progresivo da velocidade en desprazamentos e movementos. Traballado • Práctica dunha gama progresivamente máis ampla de movementos (globais e segmentarios) e de desprazamentos (deslizamentos, xiros, saltos...). Traballado • Manipulación sensorial de persoas, obxectos e materiais a través da man dominante e non dominante. Traballado • Imitación de personaxes a partir de diversas fontes (contos, cancións, situacións da vida cotiá). Traballado
--	--	---

	<p>matemática (nocións espaciais e temporais).</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elementos básicos da expresión corporal: <ul style="list-style-type: none"> ○ Movemento (xiros, rotacións, saltos, desprazamentos, escorregóns) e repouso. ○ Habilidades de coordinación óculo-manual e de manipulación de obxectos: o balón. ○ Respiración. ○ Relaxación. ○ Xestos • Técnicas da expresión corporal: mimo, imitación, escenificación, representación e dramatización; xogos de movemento e circuítos, bailes e danzas. • O folclore popular. • Calidades sensoriais dos obxectos: cor, textura, son... • Sentimentos básicos e a súa expresión (alegría, tristeza, anoxo, sorpresa, medo). (4) • Nocións espaciais básicas (amodo-rápido). • Tipos de movementos e desprazamentos (fortes-frouxos). • Capacidades vinculadas: <ul style="list-style-type: none"> ○ O equilibrio (estático e dinámico) ○ A lateralidade 	<ul style="list-style-type: none"> • Combinación de modalidades expresivas na representación de aspectos de si mesmo, os demais e o seu medio próximo. Traballado • Participación en xogos corporais, circuítos, bailes e danzas. Traballado • Reprodución corporal de secuencias rítmicas básicas. Traballado • Adaptación da postura ás esixencias da situación (empuxe, tracción...). Traballado • Exercitación de habilidades de equilibrio dinámico en diversos aparatos e con diversas alturas. Traballado • Coordinación de movementos xerais e segmentarios nas actividades propostas. Traballado • Práctica de exercicios de respiración e tensión-distensión voluntaria de diferentes partes do corpo. Traballado
--	--	---

3.Contidos do currículo de Ed. Infantil

Área: Linguaxes: Comunicación e Representación
Bloque: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da información e da comunicación.

Conceptos

Procedementos

<ul style="list-style-type: none"> ✓ Identificación da utilidade de diversos instrumentos e tecnoloxías como fontes de información, de comunicación, de expresión, de estratexias de exploración e investigación. ✓ Achegamento a producións audiovisuais como películas, series de animación ou videoxogos. ✓ Adquisición progresiva da conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación. ✓ Coñecemento, coidado e uso, na medida das súas posibilidades, das ferramentas tecnolóxicas. ✓ Achegamento ao uso do ordenador, á cámara fotográfica... nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como series de animación, presentacións, vídeos..., a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons. ✓ Valoración crítica dos contidos e da estética das producións audiovisuais. 	<ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos tecnolóxicos: ordenador, cámara, reprodutores de son e imaxe. - Producións audiovisuais: películas, debuxos animados ou videoxogos. - Normas de uso e coidado. 	<ul style="list-style-type: none"> - Aproximación á manipulación de instrumentos tecnolóxicos. Traballado - Lectura de imaxes: denotativa, connotativa e crítica. Traballado, queda seguir traballando na parte crítica - Percepción das diferenzas entre a realidade e a representación audiovisual. Traballado - Elaboración de producións creativas utilizando soportes auditivos, visuais e audiovisuais. Traballado - Busca asistida de información e imaxes nas posibilidades dos programas informáticos e na internet. Traballado con axuda - Observación activa dalgunhas obras artísticas (fotografías, montaxes audiovisuais, seccións de documentais...) que utilizan novos soportes. Traballadas
--	---	--

CRITERIOS DO CURRÍCULO

6º NIVEL

- ❖ Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.
- ❖ Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.
- ❖ Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.

1. Participar en situacións de comunicación oral características do medio escolar (assembleas, diálogos) respectando as normas que fan posible o intercambio comunicativo.
2. Mostrar unha progresiva destreza no emprego de recursos extralingüísticos na composición de textos orais
3. Elaborar contos, explicacións sinxelas orais nos que se presentan ideas, vivencias persoais.
4. Memorizar e expresar de forma oral contos, poesías, adiviñas, refráns, trabalinguas, utilizando a pronuncia adecuada.
5. Resolver o sentido de textos orais de uso habitual mediante a comprensión das ideas expresadas.
6. Resumir as principais ideas expresadas en textos orais de uso cotián.

<ul style="list-style-type: none"> ❖ Amosar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades. Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras competentes. ❖ Producir diferentes textos individualmente ou en grupo -con escritura convencional ou non-, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, gozo... ❖ Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas... ❖ Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo, de entretemento e gozo. ❖ Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais. ❖ Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas. ❖ Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación. 	<ol style="list-style-type: none"> 7. Elaborar textos orais sinxelos para planificar e regular a propia conduta nos que se presenta de forma organizada a información. 8. Responder preguntas de diferentes persoas, utilizando as regras básicas do intercambio comunicativo (escoitar, achegar opinións). 9. Compor textos orais de diferente tipo utilizando oracións sinxelas (afirmativas, negativas, interrogativas, admirativas, exclamativas, coordinadas e subordinadas); e as variacións que fan referencia a xénero, número, tempo, persoa . 10. Utilizar estratexias de comprensión oral adecuadas nas audicións de narracións de literatura (escoita atenta, formulación de preguntas sobre información complementaria). 11. Configurar pequenos textos escritos sinxelos utilizando adecuadamente distintos trazos, bucles, enlaces e combinacións na grafía. 12. Buscar informacións sinxelas en textos impresos infantís (literarios, propios dos medios de comunicación, gráficos....), apoiándose nas súas imaxes fixas e móbiles. 13. Mostrar curiosidade e interese por buscar informacións sinxelas sobre contos e outras manifestacións da literatura infantil, utilizando as tecnoloxías da información e a comunicación 14. Expresar mediante producións plásticas vivencias, emocións, e situacións da vida cotiá. 15. Mostrar unha progresiva destreza no desenvolvemento de elaboracións plásticas, corporais, musicais e escritas. 16. Realizar elaboracións plásticas incorporando novas técnicas, materiais, cores, e producións, mediante a observación de producións de artistas significativos e as súas técnicas. 17. Recrear con sons situacións concretas, identificando algunhas das calidades dos sons do medio (obxectos, instrumentos musicais, sons ambientais). 18. Diferenciar distintos tipos de voces, instrumentos, ritmos, estilos musicais en manifestacións musicais colectivas nas que participa. 19. Utilizar os recursos expresivos da súa voz para expresar mediante producións musicais vivencias, emocións.
--	---

- | | |
|--|---|
| | <ol style="list-style-type: none">20. Mostrar interese por incorporar ás producións propias os diversos recursos interpretativos ao seu alcance na elaboración de producións sinxelas, de forma individual e colectiva, de xeito desinhibido.21. Representar obxectos, elementos sinxelos, persoas, utilizando distintos materiais .22. Elaborar informacións sinxelas, utilizando as novas tecnoloxías e os medios de comunicación.23. Explicar de forma sinxela as características de obras plásticas propias do seu contexto, expresando as ideas e sentimentos que lle suscitan. |
|--|---|

1. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: nestes intres despois da situación creada pola Covid-19 a forma de avaliación que temos e a través da producións que as familias do noso alumnado nos envía a través de correo ou do teléfono. En xeral admiten ben as propostas e participan, enviando vídeos e imaxes.
	Instrumentos: os oficiais

2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>A proposta de actividade parte dunha temática por semana ou quincenal, dependendo do tempo que sexa preciso para dita proposta. Vai acompañada dunha explicación, dunha presentación motivadora, de fichas de reforzo en relación a esa temática e dunha proposta de actividade resumo que é a que nos envían a modo de imaxe ou vídeo.</p> <p>Procuramos actividades lúdicas, de experimentación e manipulación, sinxelas e motivadoras para propiciar os coñecementos e que enganchen as familias que van a ser os nosos aliados nese proceso.</p> <p>Dado as dificultades de linguaxe que presentan algúns alumnos, actividades para mellorar e enriquecer a linguaxe e a expresión oral.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Ao alumnado sen medios tecnolóxicos facilitámoslle o material impreso, a través do reparto ás vivendas por parte do concello de Poio e contactando con eles vía telefónica.</p> <p>Na páxina web do cole temos recursos imos colgando recursos e materiais aos que poden acceder, facemos uso do correo facilitado polas familias, a través de grupo de watsapp foi a mellor forma de chegar ás familias a diario e en igualdade de condición, ademais do Abalarmóbil.</p>
Materiais e recursos	

3. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Facemos uso da aplicación Abalarmóbil, correos electrónicos, facilitados polas familias, teléfono, a páxina web do centro, e a aplicación classroom, ademais de facilitar o material ás familias sen acceso á tecnoloxía-
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro. No Facebook do centro